



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CESIÓN TEMPORAL DE OBRAS DE ARTE DO LEGADO CARLOS MASIDE

En Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2014.

COMPARECEN:

Doutra parte: Como cesionario, o Auditorio de Galicia, con CIF Q1500340C e na súa representación D. Angel Currás Fernández, Alcalde -Presidente do Concello de Santiago de Compostela, en calidade de Presidente do Consello Rector do Auditorio de Galicia .

Dunha parte: Como cedentes D. José Carlos Maside Medina, con NIF 33016050-C, D^a. Josefina Maside Medina con NIF 35357515-Y, D. Xulio Maside Medina, con NIF 33037199 e D^a. Rosa María Maside Medina con NIF 33175128-G, con domicilio en Santiago de Compostela, na rúa Alfredo Brañas nº 2 6º D.

Os comparecentes recoñécense mutuamente a capacidade necesaria, que aseguran non ter limitada por ningún concepto para contratar e a tal efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro: Que o Auditorio de Galicia ten encomendada por parte do Concello de Santiago de Compostela a xestión da área de cultura, e ten como finalidade a programación de actividades culturais, artísticas e recreativas de ámbito local, gallego, español ou internacional, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas

Segundo: Que os irmáns Maside Medina son propietarios por sentenza 00122/2012 do Xulgado de Primeira Instancia número 11 de Vigo, do LEGADO CARLOS MASIDE, que consta de vinteun cadros, copia que se acompaña.

Terceiro: Que os irmáns Maside Medina ceden temporalmente ó Auditorio de Galicia o LEGADO citado anteriormente, co obxecto de celebrar unha serie de exposicións que se inicia coa desenvolvida na Casa do Pozo da Fundación NovaCaixaGalicia de Santiago de Compostela, sita na Rúa do Vilar 19 en Santiago de Compostela, con data de inicio estimada para o 29 de xaneiro de 2014, segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira: O obxecto deste convenio é a cesión temporal das obras de arte integrantes da colección LEGADO CARLOS MASIDE que se relacionan no Anexo I ó Auditorio de Galicia para unha serie de exhibicións que comenza coa realizada na Fundación Nova Caixa Galicia (Casa do Pozo). O convenio despregará os seus efectos a partir do día da súa sinatura.

Segunda: O prazo de vixencia do convenio será de 2 anos, contados desde o día da sinatura deste convenio.

Terceira: As obras cedidas permanecerán nos locais onde se celebren as exposicións durante o tempo das mesmas .Todos os gastos de seguros, embalaxe, transporte e demais trámites serán por conta do cesionario.



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

Cuarta: Se o Auditorio de Galicia o estima convinte poderá realizar un catálogo da exposición; as obras poderán ser reproducidas para o catálogo, cartel, folletos, dosieres de prensa e publicidade antes e durante a exposición e para os informes de estado de conservación das obras.

Quinta: Os responsables dos locais nos que se celebren as exposicións adoptarán as medidas que resulten precisas para a adecuada conservación, protección e seguridade das obras obxecto do convenio .

Sexta: Se o Auditorio de Galicia advirten dano ou deterioro nalgunha das obras recibidas en préstamo, notificarase ós cedentes. Se o dano se produce durante o transporte, o transportista será tamén notificado ós efectos de delimitar responsabilidades.

Séptima: Os cedente entregarán as obras enmarcadas e o cesionario non as desmontará dos seus soportes para a exposición.

Oitava: O Auditorio de Galicia satisfará ós cedentes a cantidade de 25.000 euros, impostos incluídos, en concepto de compensación polo disfrute do legado.

Esta cantidade aboarase con cargo aos Orzamentos do Auditorio de Galicia , distribuída nas seguintes anualidades 12.500 euros no anualidade 2014 e 12.500 euros na anualidade 2015

Décima: Para o seu impulso, seguimento e interpretación das acción establecidas no presente convenio crease unha comisión que propoñerá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por dous membros designados por cada unha das partes asinantes deste convenio.

Undécima: Calquera modificación dos termos pactados requirirá o consentimento expreso de ambas partes.

Duodécima: A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel , de ta xeito que non se pode esixir ó Concello de Santiago de Compostela ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria pól os actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira: O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia.

Décimo cuarta: O presente Convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de Novembro, segundo o sinalado no seu art. 4.1.c), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litigiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xerencia do Auditorio, previa audiencia das partes, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa e contra eles poderá interperse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdicción. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa intepretación e cumprimento, sen prexuízo das función atribuidas á comisión de seguimento, serán de coñecemento e competencia dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración por triplicado exemplar, os comparecentes, D. Ángel Currás Fernández, e D. José Carlos, D^a Josefina, D. Xulio e D^a Rosa María Maside Medina, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Polo Auditorio

Pola familia Maside

Ángel Currás Fernández
Alcalde e Presidente do Consello Rector
do Auditorio de Galicia

José Carlos, Josefina, Xulio e
Rosa M^a Maside Medina